



Expte.1714/2024

ANUNCIO

CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO CAMPAMENTO URBÁN 2024 ORGANIZADO POLA CONCELLERÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE BAIONA.

Primeira.- Fundamentación. A Concellería de Cultura do Concello de Baiona organiza esta actividade para ofrecer a posibilidade de que os nenos e nenas empreguen o seu tempo de ocio estival participando en actividades de forma organizada e planificada, a través de actividades de calidade, promovendo a corresponsabilidade, a cooperación, a educación en valores, coñecendo os espazos públicos municipais, e fomentando a convivencia entre a mocidade.

Segunda.- Datas da actividade:

Establécense dúas quendas:

1º Quenda: do 1 ao 16 de agosto.

2º Quenda: do 19 ao 30 de agosto.

Horario: de luns a venres de 10:30 a 13:30 h.

Número de prazas: 30 prazas por quenda. O concello resérvase o dereito de ampliar ou reducir prazas en cada quenda, en función das solicitudes presentadas.

Cada participante optará a unha única quenda, agás no caso de que queden prazas baleiras.

Terceira.- Programa de actividades : Durante o campamento desenvolverase un programa de actividades de lecer e tempo libre. Haberá distintas clases de xogos; de presentación, cooperativos, de integración, visitas a distintos monumentos, museos, prazas e praias da vila; visitarán a Carabela Pinta, a Virxe da Rocha, o Parador de Turismo Conde de Gondomar, os monumentos a Martín Alonso Pinzón e Encontro entre dous mundos, o porto, realizarán un tramo do camiño portugués pola costa, unha recollida de residuos na praia, xogos de pistas, entre outras actividades. A recepción e despedida dos participantes sempre terá lugar na praza do concello.

Cuarto.- Requisitos dos/das participantes: Ter entre 5 e 12 anos. Os participantes deberán ter a idade requirida antes do primeiro día do comezo da quenda asignada.

Quinta.- Prezo: Gratuíto.

Sexta.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes:

A solicitude pode ser individual ou múltiple.

A)Solicitude individual: As persoas interesadas en presentar unha solicitude de participación individual deben utilizar o formulario de solicitude individual.

B)Solicitude múltiple: As persoas interesadas en presentar unha solicitude de participación múltiple (no caso de irmáns), deben utilizar o formulario de solicitude múltiple.





As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Baiona ou na Sede Electrónica (baiona.sedelectronica.gal), do 3 ao 21 de xuño de 2024, xunto coa seguinte documentación:

- DNI do pai/nai ou titor/a.
- DNI do/s neno/s ou nena/s ou libro de familia.
- Tarxeta sanitaria do/s neno/s ou nena/s.

No caso de solicitudes presentadas pola Sede Electrónica, éstas poderán presentarse en calquera hora ou día durante a vixencia do prazo de solicitudes.

Os formularios de solicitude poden descargarse do taboleiro de anuncios da páxina web municipal (www.baiona.gal) ou ser solicitados na oficina de Rexistro, na Concellería de Cultura ou no correo xuventude@baiona.gal

Poderán admitirse solicitudes de participación fora de prazo, sempre que existan prazas baleiras.

Sétima.- Adxudicación de prazas:

1. Adxudicación directa: no caso de que o número de solicitudes presentadas non supere ao número de prazas ofertadas.
2. Sorteio: no caso de que o número de solicitudes presentadas supere ao número de prazas ofertadas. De ser o caso, o listado provisional de admitidos e excluídos para o sorteo publicarase o día 24 de xuño na web do concello (www.baiona.gal), e o sorteo, realizarase o 26 de xuño de 2024.

A lista definitiva de admitidos e excluídos na actividade publicarase o 28 de xuño de 2024.

Así mesmo, enviaranse ao correo electrónico que figure na solicitude, os avisos relativos aos listados que se publiquen.

Oitaba.- Lista de agarda:

Os nenos e nenas que non dispoñan de praza, pasarán a formar parte da lista de agarda, coa finalidade de cubrir as baixas que se poidan producir.

Novena.- Cancelación da actividade.

O Concello resérvase o dereito de cancelar a actividade se non se alcanzara o número mínimo de participantes (15) por quenda.

Máis información na Concellería de Cultura, no teléfono 986385921, ou en xuventude@baiona.gal

Baiona, o Alcalde, Jesús Vázquez Almuíña, na data sinalada na marxe deste documento asinado electronicamente.





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

Solicitud Individual: CAMPAMENTO URBÁN 2024

Nome e apelidos do menor:

Nome do Pai/Nai/ou Titor:

D.N.I.:

Enderezo:

Teléfonos de contacto:

Correo electrónico de contacto:

Información de interese sobre o neno/nena:

Baiona a ____ de _____ de 2024

O/A solicitante

Asdo: _____

De acordo co establecido no Regulamento (EU) 2016/679 e na Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os seus datos serán tratados por CONCELLO DE BAIONA, con CIF P3600300B. A finalidade do tratamento dos seus datos é a **xestión da súa solicitude no CAMPAMENTO URBÁN 2024 e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma**, con base legal no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos e no consentimento expreso das persoas interesadas, cando corresponda. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable, podendo ser cedidos a Administracións Públicas no exercicio das súas competencias. Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e/o portabilidade ou se desexa máis información respecto ao tratamento dos seus datos, diríxase por escrito, achegando unha copia dun documento acreditativo da súa identidade a: C/ Lorenzo da Carrera, 17, 36300 - Baiona (Pontevedra), concellodebaiona.dpo@convenceabogados.es ou mediante solicitude na sede electrónica na web www.baiona.gal

Documentación a acompañar: Copia do DNI da persoa que asina a solicitude, dni ou libro de familia, e tarxeta sanitaria do neno ou nena.

Quenda solicitada (escoller unha):

do 1 ao 16 de agosto

do 19 ao 30 de agosto



EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

Solicitude Múltiple: CAMPAMENTO URBÁN 2024

Nome e apelidos do menor (1):
Nome e apelidos do menor (2):
Nome e apelidos do menor (3):

Nome do Pai/Nai/ou Titor:
D.N.I.:
Enderezo:
Teléfonos de contacto:
Correo electrónico de contacto:

Información de interese sobre os nenos/as nenas:
--

Baiona a ____ de _____ de 2024

O/A solicitante

Asdo: _____

De acordo co establecido no Regulamento (EU) 2016/679 e na Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os seus datos serán tratados por CONCELLO DE BAIONA, con CIF P3600300B. A finalidade do tratamento dos seus datos é a **xestión da súa solicitude no CAMPAMENTO URBÁN 2024 e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma**, con base legal no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos e no consentimento expreso das persoas interesadas, cando corresponda. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigas legais do Responsable, podendo ser cedidos a Administracións Públicas no exercicio das súas competencias. Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e/o portabilidade ou se desexa máis información respecto ao tratamento dos seus datos, diríxase por escrito, achegando unha copia dun documento acreditativo da súa identidade a: C/ Lorenzo da Carrera, 17, 36300 - Baiona (Pontevedra), concellodebaiona.dpo@convenceabogados.es ou mediante solicitude na sede electrónica na web www.baiona.gal

Documentación a acompañar: Copia do DNI da persoa que asina a solicitude, dni ou libro de familia, e tarxeta sanitaria dos nenos ou nenas.

Quenda solicitada (escoller unha):

Do 1 ao 16 de agosto

Do 19 ao 30 de agosto